



UNIDADE 3

Valorarase a experiencia

Nesta unidade imos establecer as condicións para unha convocatoria. Para iso, imos aprender:

◆ usos de **se** en oracións impersoais: **valorarase...** ◆ construcións relativas: **quen, aqueles que, todo aquel que, o/a/os/as que...** ◆ a expresar condicións: **é imprescindible** + infinitivo/**que** + subxuntivo ◆ algúns usos das oracións pasivas ◆ a establecer condicións e requisitos ◆ algúns usos do futuro de subxuntivo ◆ valores de **ter** + participio ◆ algunhas diferenzas entre a lingua oral e a escrita ◆ **unicamente, exclusivamente, necesariamente** ◆ vocabulario do ámbito das convocatorias e da arte

1. ARTE CONTEMPORÁNEA

A. Le esta información sobre a inauguración dun museo en Galicia. Gustaríache visitalo? Existen museos deste tipo na túa cidade ou na túa rexión?

Inaugúrase o Museo de Arte Contemporánea de Vigo cunha mostra do grupo que creou en Galicia a arte contemporánea

Foi un cárcere, símbolo da represión, do castigo, das construcións, pero desde hoxe é un exemplo de liberdade, de creatividade e de imaxinación. O MARCO abre as súas portas cunha exposición sobre o seu cambio e sobre a xeración que inaugurou a arte contemporánea en Galicia.

Cando se consume a visita técnica e oficial, a cidade de Vigo pasará unha páxina na súa historia. Acaba de dar un paso máis e definitivo no seu interese por constituírse nun lugar de parada e non de paso da arte. Coa apertura do MARCO, a cidade de Vigo vaise convertendo pouco a pouco nun incuestionable referente cultural. A Casa das Palabras, aínda en proxecto, o recentemente inaugurado Museo do Mar, a remodelación e o cambio de orientación do Teatro Fraga e, en vías de construción, a sede olívica da Fundación Barrié, converten Vigo en referencia obrigada. Toda unha nova oferta que se suma á xa existente: o Pazo Quiñones de León e a Casa das Artes. Pero Vigo precisaba ter un espazo que levase ao mundo da arte o que xa se iniciara noutros campos, é dicir, trasladar ao mundo creativo realidades como ser a cidade máis nova e industrializada de Galicia. E decidiron facerse un oco na fachada da arte atlántica que comezaba en Santiago, no Centro Galego de Arte Contemporánea, e remataba no Museo Serralves de Porto. E o resultado foi o MARCO.

A idea do MARCO non é nova. O proxecto acariñouse na década dos noventa e foise amasando pouco a pouco en xornadas de debates e pequenos foros de análise. Pero as circunstancias non sopraron a favor ata decembro de 2000, cando o proxecto foi tomando corpo, se expuxo e se lle deu a coñecer á opinión pública. Desde entón os prazos fóronse apurando ata dar lugar á presentación técnica de hoxe, aínda que o museo non se regularizará como tal ata o venres, que é cando abre as súas portas ao público. Un museo que nace como iniciativa do Concello de Vigo, a Deputación de Pontevedra, a Xunta de Galicia e Caixanova.

O MARCO constitúe en si mesmo toda unha obra de arte, asentándose nun dos vértices do Vigo cultural, artístico e social. A remodelación dos antigos xulgados e cárcere municipal (construídos arredor do 1880), sitos na céntrica rúa Príncipe constitúe un exemplo de meta-arte, é dicir, en si mesmo é unha obra de arte. O seu proceso de remodelación encargado a un equipo formado por Quijada, Fraga e Portolés, recrea unha estrutura panóptica moi efectista, o que quere dicir que toda a súa estrutura interior se pode ver desde un único punto. Non en van esta mutación e transformación do concepto e uso do edificio dá orixe a unha das primeiras mostras coas que abre o museo, "Cardinales". Comisariada por Bartomeu Marí e Dirk Snauwert, recrea o cambio arquitectónico para dar conta do novo uso do edificio e dos conceptos de museo e de espazo de exhibición e liberdade. Unha mostra de carácter internacional, que xunto



cunha homenaxe á xeración Atlántica serven para inaugurar este novo centro. Con Atlántica réndeselle un recoñecemento dobre ao proxecto deste museo, que é o de fomentar e divulgar a arte contemporánea (as producións artísticas máis recentes) e establecer unhas liñas de investigación e recuperación de movementos históricos. E Atlántica cumpre estes requisitos. Por unha banda, porque o movemento de "Atlántica" foi o dun colectivo de artistas e intelectuais unidos por unha vontade común de renovación, que traballaban cun enfoque creativo radicalmente innovador e integrador co resto do mundo. E, por outra, porque, segundo a directora do museo, Carlota Álvarez Bassó, "é unha exposición que estivemos investigando en arquivos privados de coleccionistas e de particulares desde hai un ano".

Aínda que a programación do museo está pechada para o ano 2003, existen lagoas conforme ao proxecto museístico que é. De feito, a directora do museo, escollida por concurso de méritos, clarifica que "primeiro teremos que existir, e logo xa comezaremos a desenvolver os proxectos". O museo presentarase cos únicos cadros que mercou en ARCO este mes de febreiro, cando se presentou oficialmente ao público. Logo de anunciarse que os fondos do Quiñones de León pasarían ao novo museo, información desmentida a escasas catro semanas da inauguración, o MARCO abre as súas portas entre a dicotomía de centro de arte e de museo, é dicir, entre produción e exposición. Carlota Álvarez é clara ao respecto "fundamentalmente os primeiros anos traballará como centro de arte, porque o que queremos é crear unha dinámica e crear unha liña de programación que invite os cidadáns a ir ao museo e crear un hábito. E así, pouco a pouco faremos unha colección, aínda que ata dentro de catro ou cinco anos non se poderá desenvolver ese corpo expositivo".

E nese interese de educar os cidadáns, engádense unha política de prezos reducidos (que van desde 1 ata 3 euros) e algúns programas específicos de pedagogía museística, dirixidos a nenos e familias para fins de semana.



B. Escolta dúas persoas que comentan a noticia anterior. De que aspectos da información que aparece no artigo falan? Márcaos no texto. Que opinión teñen esas persoas respecto deses temas?

C. E ti, tes algunha idea formada ao respecto? Coméntaa cos teus compañeiros.

• E a min, a verdade é que non me parece...

2. UNHA EXPOSICIÓN

A. Sabes cal é o papel dun comisario nunha exposición de arte? Le esta entrevista realizada a un comisario e resume coas túas palabras cal é a función destas persoas na organización deste tipo de evento.



Urbanitas

Entrevista con Iñaki Martínez Antelo

Graffitis, intervencións urbanas, fotografía, vídeo, escultura, instalacións plásticas e sonoras, pintura. Os artistas galegos nados despois de 1970, e que centran o seu traballo nas cidades, posúen unha ampla gama de propostas expresivas. Por vez primeira no noso país esta xeración reúnese no Museo de Arte Contemporánea de Vigo, nunha heteroxénea mostra de creatividade bautizada como “Urbanitas”. Iñaki Martínez Antelo, director do centro e un dos comisarios da mostra, fálanos desta exposición.

De onde parte a idea de tratar a arte urbana combinando artistas de rúa con artistas consolidados?

A idea xurdiu a partir das visitas a galerías e centros de arte, da consulta de informes, das conversas con profesorado e alumnado de Belas Artes, do que acontecía na rúa, e do que se reflectía nos medios de comunicación. Tiven a sensación de que era necesario sacar á luz moito do traballo que estaban a facer estes novos creadores. Porén, cómpre salientar que estes artistas non están incluídos na exposición por seren galegos, senón porque están a desenvolver un traballo interesante.

Cal é o aspecto artístico da exposición que máis salientaría?

O proxecto fai fincapé no aquí e no agora: o seu principal compoñente é a inmediatez, tanto espacial como temporal. “Urbanitas” tómallo o pulso ao contexto máis inmediato e a un momento no que se dan as condicións para que, como xa se dixo, a carón de artistas cunha traxectoria sólida, xurdan novas xeracións de creadores que empezan a desenvolver un traballo continuado dentro e fóra de Galicia.

Achégase esta exposición á idea de museo que vostede ten?

Por suposto. Un aspecto fundamental é a idea do museo ou centro de arte como lugar de encontro, que esta exposición está a potenciar: tanto na fase de preparación como na de montaxe, favorece o encontro e o intercambio. Moitos dos artistas optaron por desenvolver creacións exclusivas para a mostra; moitas das pezas fóronse creando paralelamente ao deseño e á execución da montaxe, un traballo en proceso durante o que artistas e obras invaden as salas de exposición e os espazos de tránsito de visitantes: vestíbulo, tenda-librería e rúas adxacentes.

Tentouse certa harmonía, entón, entre o museo e a propia exposición?

Sen dúbida, moitas das obras inciden sobre a propia función do museo, a arquitectura do centro ou o propio mundo das artes. Dentro das nosas posibilidades orzamentarias, intentouse que tivesen a posibilidade de desenvolver proxectos que serían difíciles de levar a cabo noutras condicións ou circunstancias.

Apostan, ademais, por integrar formatos diversos, non?

Así é. Establécense tres ámbitos separados para a iniciativa. Alén do espazo dedicado á exposición principal, o Espazo Anexo do MARCO acolle, de xeito paralelo, “Videourbanitas”, unha mostra de traballos desenvolvidos en formato audiovisual. Pola súa banda, o patio da planta baixa deste centro é o escenario de “Urbanitas a escena”, un exemplo de accións, concertos e performances que se desenvolverá unha vez ao mes. O grupo Telémaco de Lugo, xunto co Dj Ningunos, abrirá este espazo o mesmo día da inauguración. A eles seguiranos os grupos O Fillo Pausado e mais Jiménez del Oso, acompañados de DJ Dose. Por se

fose pouco, unha das sesións do Festival de Inverno Sinsal desenvolverase tamén neste patio, co que se completa un panorama multidisciplinar.

Representa, en consecuencia, esta mostra o rumbo que se lle quere dar ao MARCO?

Un centro de arte contemporánea ten a obriga de estar atento ao que acontece na creación do seu tempo e do seu contexto, de investigar e mostrar o que está a suceder aquí e agora, de asumir riscos, de encher certos baleiros na percepción, no coñecemento ou na difusión da obra de artistas emerxentes. Por iso, en breve, convocaremos un certame para novos comisarios, prestando así atención a outros ámbitos non estritamente creativos do mundo artístico.

Iso implica que a formación terá cabida na futura programación do centro.

A miña intención é facer máis talleres de artistas, que son un bo soporte para futuros creadores e unha oportunidade para o contacto directo con profesionais. Continuaremos coa liña de programación do Espazo Anexo, ao que quero darlle máis proxección. Ademais, o Proxecto Edición, que acaba de se pór en marcha en colaboración co CGAC e coa Fundación Luís Seoane, é outro dos avances das futuras liñas de programación do centro.

Por último, está a satisfacer as expectativas dos comisarios a exposición?

Teño que dicir que a mostra está suscitando un enorme interese dentro e fóra de Galicia. Xa son moitos os comisarios, directores doutros museos e galeristas que amosan o seu interese e que pensan achegarse ao MARCO para ver a exposición. É de agardar que o eco desta actividade permita ademais que moitos destes creadores se dean a coñecer tamén no exterior.

B. Interésache a arte contemporánea? Na entrevista coméntanse varias cuestións relacionadas coa arte. Localiza no texto onde se tratan e resume o que se di ao respecto.

- Os temas e preocupacións dos que tratan da arte.
- En que se debe centrar a arte contemporánea.
- Como deben ser os museos.
- Os formatos e os materiais utilizados para facer obras de arte.



3. CANDIDATOS

A. Unha empresa de telecomunicacións galega puxo en marcha un programa de intercambio cunha empresa uruguaia. Aquí tes algúns fragmentos da convocatoria. As formas verbais subliñadas están no futuro de subxuntivo. Recoñécelas? Poderías mencionar algún exemplo do seu emprego en contextos similares?

- O programa vai dirixido a persoas de idades comprendidas entre 30 e 45 anos e daráselles preferencia ás que nunca traballaron no estranxeiro.
- O candidato deberá achegar toda a documentación acreditativa dos cursos e congresos aos que asistiu.
- Pasarán á segunda fase da selección unicamente aquelas persoas que demostraren coñecementos e/ou experiencia na área das telecomunicacións.
- Valorarase a participación en proxectos internacionais (principalmente en América Latina).
- O programa está dirixido exclusivamente ás persoas que teñan estudos superiores.
- Valorarase o coñecemento doutros idiomas, pero darase preferencia aos candidatos que tiveren un nivel máis avanzado de inglés.

B. Observa agora os perfís de Xoana e de Antón. En parellas, decide cal dos dous pasará máis facilmente a selección. Por que?



Xoana Álvarez Álvarez

30 anos

É enxeñeira de telecomunicacións.

Nunca colaborou en proxectos internacionais.

Fala alemán (B2), inglés (C1) e italiano (B1).

Nunca traballou no estranxeiro.

Asistiu a oito congresos relacionados coa materia e impartiu un minicurso.



Antón Varela Díaz

39 anos

Participou nun proxecto en Argentina.

Asistiu a cinco congresos relacionados co tema.

Nunca traballou no estranxeiro.

Fala inglés (B2) e un pouco de francés.

Licenciouse en Enxeñaría de Telecomunicacións.

C. Este é o informe do proceso e do resultado da selección dos candidatos á convocatoria. Coincide coa vosa opinión?

Alfonso Huarte López
Director de Recursos Humanos
TECnitel

Asunto: selección de candidatos para programa de intercambio.

O pasado día 3 de setembro na Sala de Reunións de TECnitel tivo lugar a selección dos candidatos finalistas para o programa de intercambio con Uruguai. Os currículos seleccionados foron os de dona Xoana Álvarez Álvarez e de don Antón Varela Díaz. Logo do proceso de análise e valoración dos perfís académicos e laborais, obtívose como resultado a selección final de dona Xoana Álvarez Álvarez.

Malia que non resultou fácil a decisión final, os motivos que levaron a preferir a candidata seleccionada radicaron, fundamentalmente, na súa idade e na súa interesante traectoria académica.

É certo, no que á experiencia laboral se refire, que don Antón Varela Díaz amosa unha interesante credencial, xa que participara nun importante proxecto en Argentina. Tendo en conta que coñecerá de preto a realidade empresarial de Latinoamérica, a súa participación podería ser de interese para a nosa empresa, toda vez que a outra candidata carece de experiencia en proxectos internacionais.

Con todo, decidiuse obviar este aspecto, dado que, no tocante á formación académica, a de dona Xoana Álvarez Álvarez é moi superior. Alén de ser enxeñeira na área de telecomunicacións, continuou a se formar dentro do seu ámbito de estudos e presenta un alto grao de coñecemento de inglés, considerablemente superior ao do outro candidato. Como a firma uruguaia é filial dunha internacional americana, presenta un perfil interesante para garantir as relacións a diversos niveis e entre diferentes países.

O outro motivo aducido, a idade, ten que ver co plano estratéxico da empresa. Aínda que don Antón Varela Díaz se encontra dentro dos requisitos establecidos na convocatoria, decidiuse darlle prioridade á maior xuventude da candidata, pois o programa pretende desenvolverse en dous anos e establecer dúas prórrogas de dous anos cada unha, ata un máximo de seis. Se dona Xoana Álvarez Álvarez amosa un desempeño correcto ata o final do total das prórrogas, estaría nunha idade interesante para incorporarse ao cadro de persoal da nosa compañía.

Porén, e como observacións finais, recoméndase ter en conta o currículo de don Antón Varela Díaz para vindeiros proxectos, xa que presenta un perfil interesante que, nun futuro, pode resultar de proveito para a empresa. Asemade, cómpre rexistrar que dona Xoana Álvarez Álvarez non certificou todos os méritos que alega e, polo tanto, tal como se comprometeu cando lle foi comentada a situación, deberá completar toda a documentación nos prazos estipulados. De modo que, cando o proceso estiver completo, enviaráselle a información ao director xeral de TECnitel, quen deberá validar oficialmente a decisión tomada. Feito isto, iniciaránse os contactos coa persoa seleccionada para ultimar as condicións da súa integración en TECnitel.

Ferrol, 7 de setembro de 2008
Alfonso Huarte López

D. Volve ler o texto e identifica en que partes se mencionan os puntos da convocatoria.

E. Un informe non posúe unha rixida estrutura textual, senón que adoita axustarse á finalidade do que se desea informar. Tenta, co teu compañeiro, deducir cales son as distintas partes das que consta este informe e logo comproba se se axusta á que che presentamos.

Remitente

Asunto:

1. Introducción e motivación do informe.
2. Organización da información.
 - 2.1. 1.º argumento: méritos do candidato: experiencia en proxectos.
 - 2.2. 2.º argumento: vantaxes da candidata: formación e idiomas.
 - 2.3. 3.º argumento: vantaxes da candidata: idade.
3. Observacións/peche.

Lugar e data.
Sinatura.

F. No texto faise referencia, como argumentos, á experiencia laboral, formación académica e idade. Como se introducen estes elementos temáticos? Sublíñaos. Ocorrénseche outras maneiras semellantes de introducilos?

4. DIFERENTES FORMAS DE DICIR O MESMO

A. Unha cadea hoteleira publicou na prensa un anuncio no que se ofrecen varias prazas de animador de tempo libre. Dos seguintes pares de frases, cal cres que corresponde a un fragmento do anuncio e cal a unha conversa informal que tiveron dúas persoas sobre este?

1. "Non poderán presentarse a concurso **aquelas persoas que non teñan carné de conducir.**"

2. "**Os que non teñan carné de conducir non van poder presentarse.**"

3. "**Só poden presentarse os que acabaron o primeiro curso de animador.**"

4. "**Será requisito indispensable ter rematado o primeiro ano de animador de tempo libre.**"

5. "**Serán seleccionados unicamente os candidatos que fixeron prácticas nalgún establecemento hoteleiro.**"

6. "**Tes que ter feitas prácticas nalgún hotel.**"

7. "**Admitirán solicitudes só ata o 25.**"

8. "**Serán admitidas unicamente as solicitudes recibidas antes do 25 de febreiro deste ano.**"

9. "**Serán considerados méritos os coñecementos de alemán ou francés.**"

10. "**Danche máis puntos se falas alemán ou francés.**"



B. Escoita a conversa entre dúas persoas que comentan a convocatoria e comproba se acertaches.



C. Volve á actividade A e fíxate nas palabras e nas estruturas destacadas. A elección dunhas e doutras está determinada polo tipo de texto no que aparecen. Que diferenzas atopas?



Futuro de subjuntivo

Verbos regulares

ANDAR

andar
andares
andar
andarmos
andardes
andaren

BEBER

beber
beberes
beber
bebermos
beberdes
beberen

PARTIR

partir
partires
partir
partirmos
partirdes
partiren

Alguns verbos irregulares

DICIR

dixer
dixeres
dixer
dixermos
dixerdes
dixeren

ESTAR

estiver
estiveres
estiver
estivermos
estiverdes
estiveren

FACER

fixer
fixeres
fixer
fixermos
fixerdes
fixeren

IR/SER

for
fores
for
formos
fordes
foren

SABER

souber
souberes
souber
soubermos
souberdes
souberen

O futuro do subjuntivo utilízase na maioría das veces en oracións temporais e condicionais, xeralmente para falar de hipóteses ou de previsións relacionadas co futuro. É máis común na lingua escrita, principalmente na literaria e nalgúns rexistros formais, como a documentación xurídica e administrativa.

*Cando as pedras **deren** gritos
e o sol **parar** de andar
e o mar non **tiver** auga
heime de ti apartar*

- Cando **souberen** o que fixen, xa non me irán axudar.
- Só **poderán** solicitar a axuda os que **foren** residentes na comarca.

! Repara que a conjugación dos verbos regulares no futuro do subjuntivo é idéntica á do infinitivo conjugado.

Construcións pasivas e impersoais en futuro

Nun rexistro culto (convocatorias, normativas, programas etc.) é habitual o uso de oracións pasivas en futuro.

SER + PARTICIPIO

- O resultado das eleccións **será publicado** no boletín da empresa.
- Todos os candidatos **serán entrevistados** polo xefe de recursos humanos.
- A relación dos gañadores **será publicada** no panel electrónico da entrada principal.
- As decisións dos directores da empresa **serán anunciadas** na próxima reunión.

Recorda que, nas construcións pasivas, o participio concorda en xénero e número co suxeito.

- **O resultado...** será publicado
- **A relación...** será publicada
- **Os candidatos** serán entrevistados
- **As decisións...** serán anunciadas

VERBO EN FUTURO EN 3.ª PERSOA + SE

- **Valorase** a experiencia.
- **Premiaranse** as obras inéditas.
- Non **se admitirán** as persoas que non leven gravata.



Ter + participio

Empregamos **ter** + participio nalgunhas construcións para falar de feitos rematados anteriormente a algún momento mencionado. Ter neste caso mantén un significado semellante ao de “posuír” e o participio concorda en xénero e número co complemento directo.

- Para presentarte a estas oposicións, xa debes **ter** a carreira universitaria **rematada**.
- Os candidatos deberán **ter** os seus estudos **realizados** nalgunha universidade europea.
- Para conseguir un posto nese hospital, tes que **ter feita** a especialidade.
- Antes de comezar a reunión, debes **ter preparadas** as túas intervencións.

Estas construcións danse tamén co verbo **ter** flexionado.

- Xa **teño lidas** 30 páxinas do libro.
- Cando volvas xa **teremos terminados** os relatorios.

Cando **ter** aparece como verbo auxiliar dun **participio** inmovilizado (que non se flexiona), constitúe con el unha perífrase verbal que expresa a repetición da acción indicada.

- Xeralmente **éntrase pola porta de diante, pero temos entrado** algunhas veces **pola lateral**.

Expresar condicións indispensables

- **Se non** resides na Coruña, non podes presentarte a esa praza.
- **Unicamente/soamente** terán acceso ao recinto os nenos acompañados por adultos.
- Uso **exclusivo** para socios.
- **É imprescindible que traíades** chándal para as clases de ioga.
- Os candidatos **terán que** pasar **necesariamente** cinco probas eliminatorias.
- Os candidatos **deberán** achegar toda a documentación antes do 30 de xuño deste ano.
- Para presentarse a ese posto é **imprescindible** ter experiencia de dous anos na área.

USO
EXCLUSIVO
PARA SOCIOS

Uso de pronomes relativos

Existen diferentes construcións de relativo para aludir a persoas. A elección dunhas ou doutras dependerá do tipo de texto no que aparecen.

O/A/OS/AS QUE

- **O que** non acabou de facer os deberes non pode saír xogar.
- De entre todas as candidatas, escollerán **a que** teña o mellor currículo.
- **Os que** estean acreditados poden pasar; **os que** non, diríxanse á saída, por favor.
- De entre todas as cidades que se presentaron, seleccionaron **as que** nunca acolleran unhas olimpíadas.

QUEN

- Para a admisión á primeira fase do concurso darase preferencia a **quen** teña unha carreira universitaria.
- Non poderá presentarse á proba final **quen** non supere a entrevista persoal.

AQUEL/AQUELA/AQUELES/AQUELAS QUE

- **Aquelas persoas que** desexaren recibir un diploma acreditativo poderán solicitálo nas nosas oficinas centrais.
- Soamente intervirán no ensaio xeral **aqueles que** superen as tres primeiras audicións.
- **Todo aquel que** non cumpra a normativa interna do club será sancionado.

As construcións con **quen** e **aquel/aquela... que** son as preferidas en textos formais, orais e escritos, de tipo administrativo, científico, académico, xurídico etc.



Os que remataron o exame xa poden marchar.

❗ **Quen** é unha partícula invariable. Como relativo, só se emprega con antecedentes e verbos en singular.

- Fala con **quen** poida aclarar as dúbidas que teñas.
- Onte vin a Luís, **quen** me contou sobre o concurso.

Non obstante, en interrogativas, aínda que se manteña invariable, **quen** admite formas verbais en plural, pero só co verbo **ser**.

- **Quen sodes** vós para dicirme isto?
- **Quen eran** estes que preguntaban por ti?

É tamén moi frecuente na lingua o emprego da expresión **ser quen de** co valor **de ser capaz de**.

- *Pois aquí están os paquetes que deixaron. A ver se es **quen de** levalos só.*

Calquera

Empregamos **calquera** para referirnos a un individuo indeterminado dun grupo ou dunha categoría, acompañando un substantivo (adxectivo) ou substituíndoo (pronome), sempre en singular.

ADXECTIVO

- Estou pensando presentarme a unha oposición **calquera** para ter dunha vez un traballo fixo.
(non se refire a unha oposición concreta)

PRONOME

- A ese concurso pode presentarse **calquera**.
(poden presentarse todas as persoas)

Observa que ambas as formas se utilizan para referirse tanto a substantivos masculinos como femininos.

- Que revista queres?
○ É igual, pásame **calquera/unha calquera**.
(non sinalo ningunha revista en particular)
- Que libro queres?
○ É igual, pásame **calquera/un calquera**.
(non sinalo ningún libro en particular)
- Isto pode facelo **calquera**.
(=isto poden facelo todas as persoas)

Introducir unha información nova

No tocante a	No que se refire a
Outro motivo aducido	Respecto de
En relación con	En canto a

- **En canto aos** gastos da reforma, cubríronse co orzamento previsto.
- **No que se refire á** proposta do director xeral, ten absoluta viabilidade.
- **Respecto da** organización do evento, hai que mencionar que houbo graves deficiencias.



5. INTERCAMBIOS

A. Imaxinade que a vosa clase vai participar nun programa de intercambio. Un grupo de estranxeiros que estuda galego virá á vosa escola para ter clases de conversación convosco e vós, a cambio, ides aprender un pouco do seu idioma. Debedes establecer os criterios para seleccionar esas persoas, tendo en conta os seguintes aspectos.

- a personalidade,
- o tipo de experiencias,
- as súas capacidades,
- as tarefas que deberán cumprir etc.

- *Deberían ser persoas que sigan a actualidade, non?*
- *Si, e que poidan falar de temas moi variados...*

B. Tendes que lle enviar á axencia que organiza os intercambios as vosas condicións para admitir os candidatos para o programa. Esta información vai aparecer na súa páxina web e podeades usar os seguintes tipos de expresións:

• **Só se aceptarán aquelas persoas ás que**

• **Unicamente serán admitidas as persoas que**

• **Non seleccionaremos, baixo ningún concepto, as persoas que**

• **Non se admitirán aquelas persoas que** **agás**

• **Valorarase**

• **Seleccionarase aquelas persoas que preferiblemente**

• **Será requisito indispensable**

6. ORGANIZAR UNHA EXPOSICIÓN

A continuación tes a convocatoria para organizar unha exposición de arte. Escríbelle unha mensaxe electrónica a un amigo que poida estar interesado nela e coméntalle os aspectos máis salientables das bases e o lugar onde poden atopar a información completa.

Premio MARCO '07 Novos Comisarios

Para a realización dun proxecto expositivo no Museo de Arte Contemporánea de Vigo

A proposta atenderá á creación artística contemporánea e contemplará a participación de dous ou máis artistas. A exposición do proxecto premiado contará cun orzamento de 15.000 euros e terá lugar entre setembro de 2008 e xaneiro de 2009.

BASES

■ Requisitos:

Poderanse presentar ao concurso os comisarios que nacesen a partir de 1969, e non poderán participar na condición de artistas.

■ Condicións:

Os proxectos que concorran deberán ser inéditos, contemplar a participación de dous ou máis artistas, e non se poderá presentar máis dun proxecto por autor.

■ Documentación:

Deberase presentar, en sobre pechado:

- Formulario de inscrición
- Currículo
- Fotocopia do DNI ou pasaporte
- Informe que inclúa título da exposición, síntese do proxecto, listaxe de artistas incluídos/as na mostra, ficha técnica e imaxe das obras, deseño expositivo axustado ás condicións da primeira planta do MARCO, e orzamento detallado do proxecto (máximo de 15.000 euros).

■ Xurado:

O xurado seleccionará no mes de outubro o proxecto gañador e dous finalistas. Se o estima, o premio poderá ser declarado deserto. Estará integrado por:

- Jürgen Bock, crítico de arte e comisario independente, Lisboa
- María de Corral, crítica de arte e comisaria independente, Madrid

- Alberto Ruiz de Samaniego, profesor de estética e crítico de arte
- Teresa Velázquez, responsable de contidos de Matadero Madrid
- Iñaki Martínez Antelo, director de MARCO.

A súa resolución farase pública durante o mes de novembro de 2007 e comunicaráselles a todos os participantes.

■ Funcións do comisario:

O comisario gañador asinará un contrato coa Fundación MARCO que o compromete a atender as funcións derivadas do comisariado dunha exposición.

■ Honorarios:

O comisario do proxecto gañador recibirá 5000 euros. Aboarase en dous prazos: o 50% no momento da sinatura do contrato e o 50% restante no momento da sinatura da inauguración da exposición.

■ Prazo de presentación dos proxectos:

Ata o 5 de outubro de 2007

■ Lugar:

A documentación entregarse persoalmente no MARCO ou enviarse por correo certificado ao seguinte enderezo:
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo - R/ Príncipe, 54 36202 Vigo

■ **Para máis información:** www.marcovigo.com

7. ASUNTO: PRIMEIRA EXPOSICIÓN DO MUSACC

Imaxina que un museo que se acaba de inaugurar che pediu que elaborases un informe sobre a súa primeira exposición, co fin de mellorar vindeiros eventos. Para facelo tomaches as seguintes notas, as cales deberás utilizar, aínda que antes de poñerte a escribir deberás pensar a estrutura que lle vas dar ao texto.

Título: "Vieiros da escultura contemporánea"

Lugar e data:
MUSACC da Coruña
(23 set.-14 out.)

Finalización das obras boa en xeral, algunha mellorable.

Contido interesante, actual (problemas sociais e ambientais). Ás veces dun simbolismo demasiado obvio.

Elenco de artistas arriscado: vangardistas e interesantes, pero algúns pouco significativos (afíns ao comisario?).

Estrutura da exposición pouco cómoda: a disposición das obras dificultaba o acceso para persoas con discapacidade.

Interesante acto inaugural con escasos erros de coordinación.

Lixeiramente cara para ser a primeira exposición: incidencia negativa na divulgación do museo e da arte contemporánea.

As fins de semana, excesivo barullo nas salas.


Orzamento mal distribuído: escaso para a contratación de obras e artistas.



8. UN CONCURSO PARA A CLASE


A. En grupos, tendes que escribir as bases (oito condicións como máximo) para unha das seguintes convocatorias. Pensade nas condicións que deberán cumprir os candidatos, as obras presentadas ou as tarefas que deben realizar, así como nos criterios nos que se baseará a selección das obras e dos candidatos.

BOLSA DE INVESTIGACIÓN. PROXECTO PARA A MELLORA DAS RELACIÓNS HUMANAS.



Concurso de relato breve.

Tema: traizóns e amizades.



Buscamos actor e actriz para interpretar a última obra do Centro Dramático Galego.



CONCURSO GASTRONÓMICO

COCIÑA GALEGA DE AUTOR



ORQUESTRA BUSCA CANTANTE PARA XIRA DE FESTAS NO VERÁN.



SELECCIÓN DE FAMILIAS PARA A ACOLLIDA DE ESTUDANTES DE GALEGO NO VERÁN.



BOLSA DE INTERCAMBIO ESCOLAR CON PERÚ.

PROGRAMA ESCOLAS VIAXEIRAS.



BOLSA PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO CINEMATOGRAFICO NA FRONTEIRA CON PORTUGAL.



CONCURSO DE ENTROIDO

Modelos orixinais, de deseño propio



B. Cando teñades preparados os textos, podedes colgalos na clase.

C. Lede as bases das diferentes convocatorias. Tendo en conta as condicións, a cal te poderías presentar? Gustaríache facelo?

9. DESCRIBIR A ARTE

A. Mira atentamente o cadro do pintor galego Luís Seoane e tenta describilo nun texto breve. Que cres que representa?



B. A continuación presentámosche a recensión dunha exposición de Luís Seoane. En parellas, un lerá a primeira parte e o outro, a segunda. Cales son as ideas principais do texto?

C. Agora faille ao teu compañeiro un resumo da parte que liches.

D. Fuches algunha vez a unha exposición? Tenta realizar unha recensión do seu contido. Se non te lembras, podes facelo de calquera obra de arte que che guste.



Luís Seoane (1910-1979) naceu en Bos Aires, pero de neno trasladouse a Galicia e viviu alí ata a súa xuventude. Foi membro do Partido Galeguista, onde se iniciou na actividade política que non abandonaría ata a irrupción da Guerra Civil. Por mor do inicio da contenda bélica, a finais do 1936 exíliase en Bos Aires. Na capital argentina entra en contacto con artistas galegos de renome, como Maruja Mallo ou Colmeiro, e empeza a colaborar en xornais e a debuxar. Comeza a consolidar a súa obra como artista gráfico e plástico e a súa sona adquire relevancia internacional, expoñendo en Caracas, París ou Londres. En 1994 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.

Especialmente atractiva é a mostra que até o 29 de abril ofrece o Auditorio de Galicia en Santiago, “Luís Seoane. Da Costa de Circe á Costa da Morte”, un conxunto excepcional de pinturas que permiten repasar a práctica totalidade da evolución da obra do gran creador desde a década dos corenta deica o seu falecemento en 1979.

Cómpre salientar, en primeiro lugar, a gran calidade das obras expostas, pertencentes todas á colección Alcalde Varela, que son resaltadas por unha intimista e atractiva montaxe na que a comisaria Rosa Espiñeira Pan consegue un ambiente óptimo para a contemplación dos óleos.

Comeza a mostra cun lenzo de grandes dimensións, *A costa de Circe* (1948), que, xunto con outros óleos de finais dos corenta e comezos do cincuenta, amosa as iniciais influencias picassianas en Seoane. A montaxe cronolóxica permítenos observar como o pintor acaba por singularizar o seu estilo co uso de cores planas, simplificadas ao longo das décadas dos cincuenta e sesenta.

A paisaxe, a natureza morta e a figura humana constitúen a base figurativa da pintura de Seoane, alicerces para unha construción dun intenso rigor formal, na procura dunha linguaxe singular con estes na tradición plástica galega e na experiencia das vangardas históricas. Mais para Seoane a arte é sempre unha maneira de estar nun tempo e nun lugar, é o seu xeito de vivir e comprender o seu país, Galicia, e de ligarse a el desde un compromiso ético e estético.

Neste sentido, as repetidas figuras femininas, fantásticamente representadas na colección Alcalde Varela, convértense en emblemas de Galicia, cunha intensa na-

tureza plástica, que desde a modernidade suxiren o valor simbólico da pintura e escultura medievais. Seoane consegue nestas figuras depurar a linguaxe até convertelas nun novo universo propio, que dalgún xeito resume a memoria gráfica do noso país.

As naturezas mortas e as paisaxes, dous xéneros fundamentais na configuración do seu estilo, locen tamén en todo o seu esplendor nesta colección. Son xéneros e obras que nos permiten un pormenorizado achegamento á evolución da súa pintura, que percorre un rigoroso camiño cara a un sintetismo que vai ser o elemento definidor dos seus logros formais.

A paisaxe é na obra de Seoane un campo de experimentación fundamental. As primeiras paisaxes delatan a influencia de Torres García (*Paisaxe urbana de Bos Aires*, 1953; *Figuras e azoteas*, 1953) na súa composición e na vontade construtiva. Son tamén interesantísimas as realizadas a comezos de 1952, nun momento decisivo da transformación do estilo de Seoane. Nas paisaxes andinas, como *Paisaxe de Neuquén* e *Paisaxe de Necochea*, percíbese o seu singular sintetismo e a forza e maxia da cor, captando nas paisaxes a esencialidade lumínica, todo froito dun proceso depurativo, que se pode observar no conxunto da súa obra desde comezos dos cincuenta, e que o vai levar a unha singular síntese dalgúns dos logros da vangarda histórica (Picasso, Matisse, Leger...). O resultado vai ser unha linguaxe propia, que fusiona as diversas influencias, que as pon en relación coa tradición galega, para atinxir unha persoal modernidade, que chega ao seu cume en obras dos anos setenta como *Mariña* (1972) ou *Preamar* (1974).

Carlos L. Bernárdez
Faro de Vigo. Faro da cultura. Xoves, 22 de marzo de 2007.


10. PREMIOS LITERARIOS

A. Presentácheste algunha vez a un premio literario? Coñeces algún dos existentes en Galicia? A continuación tes a portada de tres dos libros gañadores do Premio Xerais de Novela. Liches algún deles ou algún outro que fose premiado?

Galván en Saor, 1989
Darío Xohán Cabana

A velocidade do frío, 1996
Manuel Ameixeiras

Concubinas, 2002
Inma López Silva



B. Utilizas a miúdo as recensións para coñecer o interese dun libro? Le as recensións que a editorial realizou das tres novelas e discute co teu compañeiro con cal das tres se corresponde cada unha.

É esta unha historia de amores e de vinganzas que superan as fronteiras do espazo e do tempo e que está protagonizada polas mulleres dunha familia esquivada polo amor. A través dun estilo literario moi coidado, a novela constitúe un escaparate fantástico de personaxes e anécdotas polo que van desfilando os protagonistas e as súas vidas a partir dun escenario mítico denominado San Eirís, onde os frades non morren e o río baixa con auga vermella cada 18 de xullo. Neste libro, os espazos, as personaxes e os acontecementos forman un saboroso cóctel de olores, de sabores e cores que condimentan a novela. É un gran relato de amor en tempos de guerra e en tempos de paz, e tamén a historia daqueles que queren ser libres.

O protagonista, príncipe das terras do norte, compañeiro de Artur nos reinos da Bretaña, viaxa máis alá da xeografía e do tempo e, como aquel Merlín de Cunqueiro, aparece entre nós, pois é acaso o destino de todos aqueles señores e cabaleiros do Graal e das antigas fazañas. Novela de humor e de amor, de aventuras e de tenrura, homenaxe aos antigos mesteres da narrativa cabaleiresca e medieval que o autor tan ben coñece, tradutor de Dante, *A divina comedia*, e de Petrarca, *Cancio-neiro*, entre outros textos. A palabra na súa medida xusta, o idioma en todo o seu frescor e galanura, a imaxe lírica ben medida para que non apague a historia senón que a potencie e eleve. Estas son as artes e as sabedorías do seu autor.

Esta é unha novela feita sen contemplacións, que pode tanto resultarlle aborrecible ao lector nunha primeira aproximación como doada e comprensible, pero dificilmente, en ningún dos casos, vai provocar indiferenza, porque as súas voces, as voces que se van facendo cargo do relato ao longo das 296 páxinas, sexan as dos protagonistas principais en forma de monólogo interior, ou sexa a do narrador en terceira persoa omnisciente –na segunda parte da novela– resoan todas, como di o propio escritor, dende un recanto interior, autente, visceral e, dende logo, nada frío. Esta novela foi escrita sen filtros formais, de xeito que o seu autor aborda unha historia singular, especialmente orixinal, sen preocuparse de cometer excesos nas recorrencias expresivas, procurando o cerne das accións e reflexións das súas personaxes mesmo a expensas de calquera estilo previsible ou supostamente correcto e decoroso. Aquí vaise ao directo sen miramentos. Aquí nárrese unha historia, que impregna a mente do lector con imaxes ben definidas, aínda que, por suposto, abertas á recreación personalizada. Neste relato hai moito instinto criminal e polo tanto moita culpa, porque, de partida, os seres humanos viven na frustración, atrapados polas turbias consecuencias do seu baleiro interior e dos seus impulsos irracionais. Os únicos que non sofren por darlle satisfacción ao seu instinto asasino –maquinal– son os coches, que aparecen nesta novela como seres malignos dotados dunha vontade allea a toda moral. Pero quizais os coches, inimigos dos seres humanos, non sexan outra cousa que a expresión dun estilo de vida baseado no consumo, na supervivencia individual, egoísta e insolidaria, na crúa oposición de intereses materiais, no culto ás aparencias e na falta total de sentimentos.

C. Agora pensa nun libro que liches ou nunha película que viches e elabora unha recensión seguindo os modelos vistos.